PRIMEIRO EXERCICIO.-ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACIÓN XERAL

1.-De acordo coa Constitución, a base da organización e funcionamento dos tribunais é o:

a) Principio de dependencia xerárquica.
b) Principio de unidade xerárquica.
c) Principio de unidade de actuación.
d) Todas son falsas.

2.-¿Que artigo da Constitución recolle o segredo das comunicacións?

a) No artigo 20.
b) No artigo 22.
c) No artigo 24.
d) No artigo 18.

3.-¿Que contido ten o artigo 44 da Constitución?

a) O dereito á saúde.
b) O dereito de acceso á cultura.
c) O dereito a unha vivenda adecuada.
d) O dereito a vacacións retribuídas.

4.-¿Que dereito fundamental goza de protección xurisdicional ante os tribunais ordinarios e o Tribunal Constitucional?

a) O dereito de fundación.
b) O dereito á liberdade de empresa.
c) O dereito ó traballo.
d) Todas son falsas.

5.-¿Prevese na Constitución española de 1978 a delimitación do contido do dereito á propiedade privada?

a) Si, de acordo coas leis e en virtude da súa función social.
b) Si, de acordo coas normas extraordinarias ditadas polo Tribunal Constitucional.
c) Non. A propiedade privada non ten delimitación constitucional.
d) Si, no artigo 22 da Constitución.

6.-¿Que tipo de lei é necesaria para regula-lo desenvolvemento do artigo 21 da Constitución española de 1978?:

a) Lei ordinaria.
b) Lei de bases.
c) Lei orgánica.
d) Lei marco.

7.-De conformidade coa Constitución, a lei regulará o procedemento a través do cal deben producirse os actos administrativos:

a) Garantindo, en todo caso, a audiencia do interesado.
b) Garantindo a audiencia do interesado en materia de dereitos fundamentais.
c) Garantindo, cando proceda, a audiencia do interesado.
d) Garantindo a audiencia do interesado en materia tributaria.

8.-¿Que dereito dos seguintes non poderá ser suspendido en caso de estado de excepción?

a) Dereito para expresar e difundir libremente os pensamentos, ideas e opinións mediante a palabra, o escrito ou calquera outro medio de reprodución.
b) Dereito a elixir libremente residencia e a circular polo territorio nacional.
c) Dereito á liberdade e á seguridade.
d) Dereito de toda persoa detida a ser informada de forma inmediata, e de modo que lle sexa comprensible, dos seus dereitos e das razóns da súa detención.

9.-Segundo a Constitución Española, ¿cal das seguintes funcións si é exercida polo Rei?

a) Sanciona-los Estatutos de Autonomía.
b) Propoñe-lo nomeamento dos membros do Goberno.
c) Nomear ó Defensor do Pobo.
d) Nomear ó Presidente das Comunidades Autónomas, co referendo do Presidente do Senado.

10.-Segundo a Constitución Española, as Comunidades Autónomas poderán asumir competencias sobre asistencia social nos seguintes termos:

a) Só no relativo á axuda a domicilio.
b) Como competencia delegada.
c) Como competencia propia.
d) De ningún tipo.

11.-¿Cal destas competencias poden asumi-las Comunidades Autónomas?

a) As augas minerais e termais.
b) Mariña mercante e abandeiramento de buques.
c) Fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica.
d) Iluminación de costas e sinais marítimas.

12.-¿Canto tempo ten que transcorrer para que unha Comunidade Autónoma, que accedera á autonomía pola vía do artigo 151 da Constitución, poida asumir competencias do Estado?

a) 3 anos.
b) 1 ano.
c) 5 anos.
d) Non terán que esperar un prazo determinado, poden asumir competencias desde un principio.

13.-¿Cal é a duración máxima do estado de excepción?

a) 30 días prorrogables por outro prazo igual.
b) 90 días sen posibilidade de prórroga.
c) 30 días sen posibilidade de prórroga.
d) 60 días prorrogables por outro prazo igual.

14.-Como órgano deliberante de colaboración inmediata co Subdelegado do Goberno na provincia creáronse:

a) Secretarías Xerais das Subdelegacións do Goberno nas provincias.
b) Comisión de Asistencia ó Subdelegado do Goberno.
c) Delegacións ou Direccións Provinciais dos Ministerios.
d) Xuntas Locais de Seguridade.

15.-Na Administración Xeral do Estado, non ten o carácter de órgano superior dun Departamento Ministerial un:

a) Subsecretario.
b) Ministro.
c) Secretario de Estado.
d) Ningún deles o é.

16.-Entre o cese dun Defensor do Pobo e o nomeamento dun novo non debe pasar máis de:

a) Un mes.
b) Tres meses.
c) Quince días.
d) Dous meses.

17.-As queixas que reciba o Defensor do Pobo en canto ó funcionamento da Administración de Xustiza debe dirixilas ó:

a) Consello Xeral do Poder Xudicial.
b) Tribunal Constitucional.
c) Ministerio de Xustiza.
d) Ministerio Fiscal.

18.-Os membros do Tribunal de Contas están suxeitos ás mesmas incompatibilidades que os:

a) Senadores e deputados.
b) Membros do Goberno.
c) Xuíces.
d) Funcionarios públicos.

19.-A teor do artigo 56 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a proposta de reforma do Estatuto requirirá:

a) Unicamente a aprobación polo Parlamento Galego por maioría dunha quinta parte dos seus membros.
b) A aprobación polo Parlamento Galego por maioría dunha quinta parte dos seus membros e finalmente referendo positivo dos electores.
c) A aprobación polo Parlamento Galego por maioría de dous terzos, a aprobación das Cortes Xerais e, finalmente, referendo positivo dos electores.
d) A aprobación polo Parlamento Galego por maioría dunha quinta parte dos seus membros e a aprobación das Cortes Xerais.

20.-De acordo co previsto no Estatuto de Autonomía, en materia de réxime mineiro e enerxético, a Comunidade Autónoma de Galicia:

a) Carece de competencia ó tratarse dunha materia de interese xeral do Estado.
b) Ten competencia de desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación estatal na materia.
c) Exerce as súas competencias de xeito exclusivo en todo caso.
d) Exercerá as competencias estatais que lle sexan expresamente delegadas, xa que carece de competencia na materia.

21.-En relación ó trámite de información pública:

a) A comparecencia nel outorga a condición de interesado.
b) Para presentarse nel hai que acredita-la condición de interesado.
c) Acórdao o órgano ó que corresponda a resolución do procedemento, cando a natureza deste o requira.
d) O prazo para formular alegacións non pode ser superior a 20 días.

22.-O dereito de acceso dos cidadáns ós rexistros e documentos que obren nun arquivo administrativo permítese respecto de:

a) Todo tipo de documentos.
b) Os procedementos en curso.
c) Os procedementos conclusos.
d) Os que ostenten a condición de interesados exclusivamente.

23.-A renuncia nun procedemento debe realizarse para concluílo a Administración:

a) Antes do trámite de audiencia.
b) En calquera momento, antes da resolución expresa.
c) Acto seguido da instancia pola que se incoou.
d) Trala resolución.

24.-¿En que artigo da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común vén regulado o procedemento abreviado en materia de responsabilidade administrativa?

a) No artigo 141.
b) No artigo 142.
c) No artigo 143.
d) No artigo 144.

25.-Cando se produza a modificación ou mellora voluntaria da solicitude dun particular a instancias da Administración:

a) Concluirase directamente o procedemento a favor do interesado.
b) Reiníciase o procedemento trala mellora.
c) Debe redactarse unha acta sucinta, que se incorporará ó procedemento.
d) Enténdese que o particular renuncia ó trámite de audiencia.

26.-Como regra xeral, cando se solicite un informe, este deberá ser evacuado no prazo de:

a) Vinte días.
b) Dez días.
c) Quince días.
d) Oito días.

27.- Enténdese que o silencio da Administración ten carácter negativo no seguinte caso:

a) Tratándose de solicitudes de concesión de licenzas urbanísticas.
b) Tratándose dunha solicitude do permiso de paternidade.
c) Cando na normativa de que se trate non se diga nada ó respecto.
d) En ningún dos tres casos anteriores.

28.-O silencio administrativo, en materia de reclamacións previas á vía xudicial laboral, prodúcese no seguinte prazo de tempo:

a) Dous meses.
b) Tres meses.
c) Catro meses.
d) Todas son falsas.

29.-O artigo 101 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común regula:

a) A execución subsidiaria.
b) A prohibición de interditos.
c) A multa coercitiva.
d) A compulsión sobre as persoas.

30.-Para que se entenda positivo o silencio administrativo no recurso de alzada:

a) Basta con que non se conteste o recurso no prazo establecido.
b) O recurso debe interpoñerse contra un acto presunto.
c) O acto ten que ser non declarativo de dereitos.
d) Ten que ser un acto contra o que non é posible interpoñe-lo recurso de revisión.

31.- O prazo para interpoñer unha reclamación económica-administrativa é de:

a) Dous meses.
b) Un mes.
c) Quince días.
d) Trinta días.

32.-Para celebrar contratos co sector público os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condiciones mínimas de solvencia:

a) Económica e profesional.
b) Profesional e técnica.
c) Técnica.
d) Económica, financeira e técnica ou profesional.

33.-Non terán a consideración de contrato de subministración:

a) Os que teñan por obxecto a adquisición e o arrendamento de equipos e sistemas de telecomunicacións.
b) Aqueles nos que o empresario se obrigue a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total se defina con exactitude ó tempo de realiza-lo contrato.
c) Os contratos relativos a propiedades incorporais ou valores negociables.
d) Os de fabricación, polos que a cousa ou cousas que teñan que ser entregadas polo empresario deban ser elaboradas consonte coas características peculiares fixadas previamente pola entidade contratante.

34.-O prazo de información pública para alegacións sobre a relación de bens e suxeitos afectados por unha expropiación, tramitada conforme ó procedemento ordinario da Lei de expropiación forzosa, é de:

a) Dez días.
b) Quince días.
c) Vinte días.
d) Trinta días.

35.-Non ten o carácter de servizo público o seguinte:

a) Subministración de auga potable en fontes públicas.
b) Recollida de útiles domiciliarios.
c) Depuración de augas residuais.
d) Subvención a unha entidade xuvenil.

36.-Unha licenza de obra menor debe outorgarse, segundo o réxime do Regulamento de servizos das corporacións locais, no prazo de:

a) Un día.
b) Un mes.
c) Dous meses.
d) Seis meses, se é actividade molesta.

37.-O acordo do Pleno dun Concello para facultar ó alcalde a someter a consulta popular un asunto susceptible desta, ten que adoptarse co seguinte quórum:

a) Ningún, ó non requirirse o dito acordo.
b) Maioría simple.
c) Maioría absoluta.
d) Dúas terceiras partes.

38.-A confección do padrón de españois residentes no estranxeiro é competencia do/da:

a) Concello do seu último domicilio en España.
b) Comunidade Autónoma onde nacera.
c) Administración Xeral do Estado.
d) Embaixada ou Consulado español no país en que residan.

39.-A protección civil é servizo mínimo nos municipios cun número de habitantes superior a:

a) 1.000.
b) 5.000.
c) 10.000.
d) 20.000.

40.-É servizo mínimo obrigatorio de todo Concello de máis de 5.000 e menos de 20.000 habitantes o de:

a) Transporte colectivo urbano de viaxeiros.
b) Protección civil.
c) Prestación de servizos sociais.
d) Mercado.

41.-Segundo a Lei de bases de réxime local, o Pleno dunha Deputación non pode delegar:

a) Aprobación dos Plans de carácter provincial.
b) A alteración da cualificación xurídica dos bens de dominio público.
c) A declaración dos actos de lesividade.
d) O exercicio de acciones xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.

42.-Unha sentenza xudicial que anulase a Ordenanza provincial de uso e defensa de las estradas provinciais:

a) Tería efectos xerais desde a fecha en que fose firme.
b) Para ter efectos xerais debería publicarse no Diario Oficial de Galicia.
c) Para ter efectos xerais debería publicarse no Boletín Oficial da Provincia.
d) Unha sentenza nunca pode ter efectos xerais, porque non é unha norma xurídica.

43.-Na organización provincial, os órganos que se constitúen, con participación cidadá, para facer un seguimento de cuestións de especial interese para a colectividade son os/as:

a) Comisión especial de Suxestións e Reclamacións.
b) Xuntas de Distrito.
c) Asembleas Veciñais.
d) Consellos Sectoriais.

44.-Segundo o artigo 57 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a sesión constitutiva das Deputacións Provinciais realizarase no:

a) Décimo día posterior á proclamación dos Deputados Electos.
b) Décimo quinto día posterior á proclamación dos Deputados Electos.
c) Vixésimo día posterior á proclamación dos Deputados Electos.
d) Todas son falsas.

45.-No proceso de elaboración dos Estatutos dunha Mancomunidade de Municipios, a Deputación Provincial:

a) Limítase a emitir informe sobre o seu proxecto.
b) Ten que toma-la iniciativa na súa elaboración.
c) Non ten intervención ningunha.
d) Aproba definitivamente estes.

46.-¿En cal dos seguintes artigos da Lei reguladora das bases de réxime local veñen reguladas, con carácter xeral, as áreas metropolitanas?

a) 42.
b) 43.
c) 44.
d) 45.

47.-Naqueles municipios cuxo réxime de funcionamento é o de concello aberto; debe realizarse, como mínimo, sesión ordinaria da Xunta Veciñal cada:

a) Trimestre.
b) Semana.
c) Mes.
d) Quince días.

48.-De conformidade coa Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, a alteración da capitalidade do municipio require acordo:

a) Por maioría simple.
b) Por maioría absoluta legal.
c) Por maioría de 3/5 do número de feito ademais da maioría absoluta legal.
d) Todas son falsas.

49.-Utilízase o termo Emenda na Corporación provincial para designar:

a) A proposta sometida ó Pleno tralo estudo do expediente pola Comisión Informativa.
b) A proposta de modificación dun ditame ou proposición presentada por calquera membro, mediante escrito dirixido ó Presidente.
c) A proposta que sométese directamente a coñecemento do Pleno presentada por un grupo político que a formulará oralmente.
d) A formulación dunha proposta dirixida a algúns órganos de Goberno.

50.-Para seren tidas en conta no cómputo de votos, as candidaturas nas eleccións municipais teñen que obter, como mínimo, a seguinte porcentaxe en relación cos votos válidos emitidos na circunscrición:

a) Dez por cento.
b) Un por cento.
c) Cinco por cento.
d) Tres por cento.

51.-Para usar privativamente bens de servizo público requírese:

a) Autorización.
b) Licenza.
c) Concesión.
d) Nada do anterior, pois non cabe este uso.

52.-Cando un particular lle require a unha entidade para que defenda un ben da propiedade desta, concédeselle a esta un prazo para facelo de:

a) Un ano.
b) Un mes.
c) Trinta días hábiles.
d) Dous meses.

53.-Publicaranse no Boletín Oficial da Provincia:

a) Os expedientes de incorporacións de créditos.
b) Os expedientes de transferencias de créditos que afecten a créditos do mesmo grupo de función.
c) Os expedientes de xeracións de créditos.
d) Os expedientes de suplementos de créditos.

54.-No imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana:

a) Grávase o dito incremento pola mera posesión dos ditos bens, unido ó transcurso dos anos.
b) O citado incremento ponse de manifesto, por exemplo, ó transmitirse a propiedade do ben do que se trate.
c) Grávase calquera terreo, á marxe da súa clasificación e cualificación urbanística.
d) O incremento gravado manifféstase só cando se expropia o inmoble.

55.-Nas taxas poden establecerse bonificacións en función da renda dos suxeitos chamados a satisfacelas:

a) Non, porque o prohibe a Lei xeral tributaria.
b) Unicamente cando o suxeito pasivo sexa titular dunha familia numerosa.
c) Só para suxeitos pasivos que se encontren en situación de desemprego.
d) Si, nas condicións que fixe a respectiva ordenanza fiscal.

56.-Segundo o Estatuto básico do empregado público, para atende-lo coidado dun familiar de primeiro grao, por enfermidade moi grave, o funcionario terá dereito a solicitar unha redución da súa xornada laboral polo prazo máximo de:

a) Seis meses.
b) Tres meses.
c) Dou meses.
d) Un mes.

57.-Segundo o Estatuto básico do empregado público, ¿cal é o prazo máximo polo que se pode prorroga-lo dereito á reserva do posto de traballo da funcionaria vítima de violencia de xénero?

a) Doce meses.
b) Quince meses.
c) Dezaoito meses.
d) O posto de traballo queda reservado durante todo o período de excedencia.

58.-En Excel a mensaxe de erro #¡REF! quere dicir que:

a) Se eliminaron celas ás que facían referencia outras fórmulas ou se pegaron celas movidas sobre outras ás que se facía referencia noutras fórmulas.
b) Se utilizou un vínculo a un programa que non está en funcionamento.
c) Se intentou vincular a un tema de intercambio dinámico de datos (DDE), como "sistema", que non está dispoñible.
d) Tódalas respostas son correctas.

59.-En Word, a icona da goma ó traballar con táboas, aseméllase a:

a) Combinar celas.
b) Dividir celas.
c) Autoformato de táboas.
d) Eliminar celas.

60.-En Access, ¿que combinación de teclas hai que pulsar para ir ó menú formato→cela?

a) Control + 0.
b) Control + 1.
c) Control + A.
d) Ningunha das respostas é correcta.